

A variación *nosco* : *connosco* : *con nós* en galego medieval

Rosario Álvarez

Instituto da Lingua Galega.

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO. As formas pronominais *connosco* e *convosco* acollidas no paradigma do galego normativo son totalmente descoñecidas en variedades diatópicas moi estendidas e, xa que logo, para moitos falantes non letrados; no seu canto, úsanse sintagmas coa prep. *con* libre (*con nós*, *con nosoutros...*), que tamén concorren coas formas ligadas nas variedades en que estas aínda existen, unhas e outras implicadas nun proceso de cambio lingüístico por substitución que vén desde tempos moi recuados. O estudo que segue tenta reconstruír a historia destas formas, tendo en conta todas as variantes testemuñadas e a súa localización espacial, temporal e textual: con base nun amplo corpus escrito, literario e documental, indaga na posible variación diatópica ou doutro tipo xa na lingua antiga, e mais na datación dos procesos diacrónicos que levaron da primitiva *NOSCO* e variantes, a *CONNOSCO* e variantes e, finalmente, ás formas reestruturadas nos respectivos territorios.

Palabras clave: pronomes persoais, morfoloxía diacrónica, variación, cambio lingüístico,

ABSTRACT. The pronominal forms *connosco* and *convosco* found in the grammar of official Galician do not occur in important geographical varieties of the language, and are of course unknown to illiterate speakers; on the other hand, analytic syntagms with the preposition *con* (*con nós*, *con nosoutros...*) are used, co-existing with the synthetic forms in varieties in which the latter survive, both participating in a centuries-long process of linguistic change by substitution. This study will attempt a reconstruction of the history of these forms, taking into account all documented varieties and their physical, temporal and textual location: using a large corpus of written texts, both literary and non-literary, it investigates the possibility of variation, whether diatopic or of another kind, in the medieval language; the dating of the diachronic processes which caused early *NOSCO*, etc. to evolve into *CONNOSCO*, etc.; and, finally, the remodelled forms in the areas concerned.

Key words: personal pronouns, diachronic morphology, variation, linguistic change.

Data de aprobación: xullo de 2004.

No sistema pronominal do galego estándar descríbense formas ligadas específicas para as distintas persoas e números (P1 *comigo*, P4 *connosco*; P2 *contigo*, P5 *convosco*; P3 e P6 reflexivas *consigo*), pero a realidade dialectal é distinta, porque no galego actual as formas ligadas *connosco* {*connòsco*, *connòsco*, *conòsco*, *conòsco*¹} e *convosco* {*convòsco*, *convòsco*} só existen en parte do territorio (*ALGa II*:150), o que implica unha variación diatópica no inventario de unidades que configuran os respectivos sistemas. A isoglosa principal corre en dirección NW-SE —desde a costa da Laracha á estrema de Zamora— e talla Galicia en dúas metades, deixando ao nacente unha grande área que conta cun inventario de formas máis reducido, pois nela non se coñecen as formas ligadas de primeira e segunda persoas de plural; dentro do territorio delimitado a poñente hai outra área bastante extensa, que comprende sobre todo a parte noroccidental de Pontevedra, onde estas formas ligadas tamén son descoñecidas (*vid.* mapa 1)². Mais esta variación diatópica non abonda para explicar como se produce a variación interna, pois á súa vez na que chamaremos ‘área CONNOSCO’ todos os falantes coñecen e empregan as formas analíticas *con nós* (ou *con nosoutros*, *-as*) e *con vós* (ou *con vosoutros*, *-as*), protagonistas dun proceso substitutorio que está acantoando as formas ligadas tradicionais na lingua dos usuarios máis conservadores; dito doutro xeito, nesta área existe ademais unha variación social entre CONNOSCO e CON NÓS³ que en última instancia deriva nunha variación diacrónica.

De acordo coa percepción gramatical actual, na lingua estándar calquera complemento con prep. *con* admite o uso de *connosco* e *convosco*, salvo que o pronome leve algún complemento (identificador ou cuantificador), pois nese caso cómpre empregar a forma non ligada (*falaron connosco* / *falaron con nós mesmas*, *falaron con nó-las dúas*); noutras palabras, existe a percepción de que as formas reestruturadas (*con nós* e *con vós*, e no seu caso *con nosoutros*, *-as*, *con vosoutros*, *-as*) son aceptables en todos os casos e de que só as formas ligadas teñen a restrición do contexto sintáctico mencionado. Nesta tesitura de dobre opción pódese afirmar que, en xeral, os gramáticos do galego moderno mostran unha tímida preferencia polas tradicionais *connosco* e *convosco*, aínda que asemade describen como normais *con nós* e *con vós* con calquera función, vaian ou non acompañadas dalgún tipo de complemento. O mesmo principio normativo favorable ás formas ligadas parece rexer o uso que se fai destas formas no DRAG, pois, quitadas as voces respectivas, o número das ocorrencias de *connosco*, *convosco*

¹ Valémonos desta convención gráfica para marcar as vogais medias abertas (con til grave <^>) e pechadas (con til circunflexo <^>).

² As formas ligadas de P1 e P2, *comigo* e *contigo*, non sofren a concorrencia das formas analíticas correspondentes (**con min*, **con ti*). Na terceira persoa, a forma ligada (con sincretismo de número) só existe co trazo [+ref], polo que se opoñen *consigo* / *con el(es)*, *con ela(s)*, *con vostede(s)*; ora ben, no galego moderno advírtese unha forte tendencia ao abandono das formas tónicas do reflexivo desta persoa, que conduce a prep. + *si* > prep. + *el(es)*, *ela(s)*, *vostede(s)* e a *consigo* > *con el(es)*, *con ela(s)*, *con vostede(s)* (pero **con si*).

³ Empregaremos as versais como forma de cita que resume en si as variantes formais de ambas as persoas. Isto é, CONNOSCO refírese tanto a *connosco* {*connòsco*, *connòsco*, *conòsco*, *conòsco*...} coma a *convosco* {*convòsco*, *convòsco*...}, e do mesmo xeito CON NÓS a *con nós* {*con nòs*, *con nòs*...}, *con nosoutros* {*con nòsoutros*, *con nòsoutros*...}, *con nosoutras*, *con vós* {*con vòs*, *con vòs*...}, *con vosoutros* e *con vosoutras*, e NOSCO a *nosco*, *vasco*...

e *con nós é*, respectivamente, 23 / 2 / 2 (as outras formas non foron usadas), unha porcentaxe de formas ligadas (92,59 %) moi superior á da lingua literaria (79,42% no corpus posterior a 1950⁴), en por si moi afastada do uso oral espontáneo, este con porcentaxes de CONNOSCO obviamente máis baixas. Na actualidade, na lingua coloquial nin sequera os falantes máis conservadores das áreas mencionadas teñen o sistema antigo, que describiremos máis adiante, pois todos admiten *con nós*, *con vós* en alternancia con *connosco*, *convosco*.

Pódese afirmar que o galego moderno —variación diatópica e gramatical incluídas— actúa como bisagra entre as linguas peninsulares centro-occidentais: nunha folla o portugués, que continúa polo S o territorio galego de CONNOSCO; na outra, as falas asturianas e leonesas, o mirandés e o castelán continúan polo L o territorio galego que esqueceu estas formas. En efecto, non parece haber restos en asturiano (a perda non é recente, pois as formas ligadas faltan xa en textos literarios da Idade Moderna; Díaz Castañón 1976), nin nos dialectos leoneses situados ao leste da nosa fronteira oriental⁵ (Cabreira Alta, Maragatería, Terra de Astorga, Aliste...), e de feito na proposta normativa para o mirandés só se recolle *cun nós* e *cun bós* (CMMD:34)⁶; en asturiano, as formas *migo*, *tigo* e *sigo* perderon a súa condición de formas ligadas e pasaron a funcionar como variantes das correspondentes formas tónicas, pero as de P4 e P5 xa non chegaron a esta fase (ALIA 1998:142). En español, as formas de plural *con(n)usco*, *convusco* foron reempazadas polas reestruturadas antes de rematar a Idade Media, nun proceso que Líbano liga ao ascenso de *nosotros* (e *vosotros*, a custo de *nos* e *vos*) e resume deste xeito: séc. XIII-XIV, exclusivo *connusco*; séc. XV, *con nos*, *con nosotros*, cun testemuño illado de *connusco*; séc. XVI a forma común *con nosotros* coexiste cun excepcional *connusco* (1998:502-503). Unha deriva cronolóxica moi ben ilustrada coa constatación de que na segunda persoa o Arcipreste de Hita emprega aínda *convusco*, pero o Arcipreste de Talavera pasou a *con vos* e na *Celestina* figura xa o moderno *con vosotros* (Líbano 1998:507)⁷.

⁴ Tomamos como corpus a *Base de datos lexicográfica para un dicionario da lingua galega* (ILG), que coma noutras ocasións nos facilita xenerosamente A. Santamarina; nela está lematizado un milleiro de obras de distinto tipo (literarias, ensaísticas, científicas, xornalísticas, etc.), dos séc. XIX e XX, das que algo máis da metade corresponden a este período.

⁵ A súa existencia outrora está ben documentada tamén nese territorio. Menéndez Pidal, ao describir as orixes do español, só as testemuña en territorio leonés: *uosco* “1086 León, como en port. ant. *nosco*, *uosco*, mod. *connosco*” (1980:340). Nos textos achegados por Staaff (1907) pódense ver non poucos testemuños de *connusco* e *connusco-connusco*, procedentes de distintas coleccións documentais.

⁶ A diverxencia do mirandés co portugués xa fora advertida por Leite de Vasconcelos (1900: I, 461) e Menéndez Pidal (1962:93). Con todo, como xa se dixo, o galego non chega á reestruturación do mirandés, que a estende tamén ao singular da 1P e da 2P: *cumigo* ~ *cun mi*, *cuntigo* ~ *cun ti*, *cun el* / *cun eilha*, *cun nós*, *cun bós*, *cun eilhes* / *cun eilhas* (CMMD: 34).

⁷ Outros autores coinciden con esta cronoloxía (Penny 1998:135; Hanssen 1945:75), e de feito, para o séc. XVI, Keniston xa só menciona *co(n)migo*, *contigo* e *consigo* (1937:56). O *Diccionario de Autoridades* (1726) aínda recolle os “adverbios” *connusco* ‘con nosotros’ e *convusco* ‘con vos, con vosotros’ —ben que como formas anticuadas—, pero xa Covarrubias (1611) mostra indicios de que estas formas, ademais de anticuadas, son un tanto opacas: no *Tesoro* acolle, como “palabras antiguas castellanias”, *connusco* ‘con nosotros’ (e non *nusco*), *convusco* ‘con vos, con vosotros’ e *busco* ‘con vos’ (2Psg, s.v. [VUSCO]) ou *vusco* ‘vuestro’ (s.v. vos: “de aquí se deriva el nombre *vuestro*, que en lenguaje antiguo decía *vusco*”), un lapsus inexplicable se a voz lle fose familiar.

Por contra, salienta o vizo que teñen no portugués culto —e en xeral na lingua escrita—, onde o uso de *CONNOSCO* é continuo fronte a un inusual *CON NÓS* que sería riscado axiña como incorrecto; mais así a todo na lingua coloquial está en regresión ante o avance doutras solucións para ambas as persoas: “aunque estas formas de plural sean poco utilizadas en el habla familiar que sustituye muchas veces *connosco* ‘con nosotros’ por *com a gente*, e sempre *convosco* ‘con vosotros’ por *com vocês*, *com as meninas*, etc.” (Vázquez Cuesta:II, 42). Pero, sobre todo, interesa salientar que cando menos nalgúnhas variedades do norte de Portugal estas formas ligadas non existen (Baixo-Minho, Sequeira:89; Vila do Conde, Netto:143) ou alternan con *CON NÓS* en certos contextos sintagmáticos en rexistros non formais, de onde resulta que probablemente fose o amparo cultista o que as preservou e estendeu, impedindo que seguisen o mesmo camiño de esmorecemento que levaron nos romances peninsulares veciños.

Observando a distribución xeográfica actual de *connosco* e *convosco* en galego chama a atención que ocupan áreas moi compactas, cun límite nororiental nítido, máis aló do cal non se coñecen en absoluto, pois non só non hai vestixio delas, nin sequera na lembranza dos pais e avós, senón que conforme nos afastamos del son moitos os informantes que as malinterpretan na conversa ou que resultan sorprendidos ao oírenas nos medios. Tal nivel de descoñecemento é pouco frecuente, o que leva a pensar que ou non existiron nunca ou desapareceron en tempos xa remotos. Precisamente a necesidade de responder a estas interrogantes deu orixe a esta investigación, na que procuramos testemuños históricos que nos axuden a establecer cando e como se chegou á situación que hoxe se nos presenta como variación diatópica.

1. INVENTARIO DE VARIANTES NO *CORPUS* MEDIEVAL

En galego medieval son moitas as variantes que se poden agrupar baixo estas formas ligadas, unhas puramente gráficas (consignadas entre parénteses agudas) e outras consecuenza de trazos fónicos ou morfolóxicos de desigual relevancia (marcadas con itálicas): *nosco* <nosco, nosqu’>; *vosco* <uosco, vosco, bosco, vosc’, vosqu’>, *vusco* <vusco>; *connosco* <cunnosco, connosco, cõnosco>, *conosco* <conosco>; *convosco* <cunuosco, conuosco, convosco, conbosco, comuosco, comvosco, cõuosco, cõvosco, cõbosco, convosquo, convosc’, convosqu’>, *convusco* <convusco, convussco, convusc’>. A elas hai que engadir as variantes das formas reestruturadas: *con nos* <con nos, conos>, *con nosoutros* <con nosoutros>; *con vos* <cun vos, cun bos, con uos, con vos, con bos, cõ bos>.

Ao procurarmos estas formas a través de numerosas fontes medievais, a primeira sorpresa foi a extrema infrecuencia de todas elas no conxunto do corpus textual e nalgúnhas obras e coleccións en particular, nas que non atopamos unha soa ocorrencia. Ao cabo, conseguimos un corpus de 656 rexistros galegos, distribuídos entre os inicios da nosa tradición gráfica e 1516, con reparto desigual no territorio, nuns casos debido á distinta cantidade e

magnitude dos documentos locais expurgados e noutros á distinta frecuencia de emprego de ‘prep. *con* + pronome *nós, vós*’⁸. Cómpre salientar, por iso, que a ausencia de rexistros de formas ligadas nunha área non permite deducir nada sobre a súa existencia ou inexistencia no sistema, posto que tampouco os hai da forma alternativa non ligada; en todo caso, parece incuestionable que a infrecuencia da expresión deste significado por medio da forma pronominal —recorrendo adoito, por exemplo, a *con as partes anteditas* en lugar de a *conosco* ou *con nos*—, restaría rendibilidade no sistema a unha forma pronominal específica.

1.1. A vogal tónica

Como se pode apreciar no inventario de variantes exposto no inicio deste apartado, un dos factores fundamentais de variación é a vogal tónica, grafada como <o> ou como <u>.

1. A rima consoante de *conhosco* con *vosco* (G. Pérez Conde [056-10]⁹, J. Soárez Coello [079-07]), *vosco* e *con nosco* (R. Eanes Redondo [141-01]) e *convosco* (P. García Burgalés [125-027]) autoriza a pensar que a vogal tónica era pechada /o/, polo menos para estes poetas, os tres primeiros portugueses e o derradeiro castelán; apoia o timbre pechado da vogal <o> a maior proximidade co /u/ da outra variante, escasamente documentada nos mesmos textos e no conxunto hispánico moi característica do español. Obviamente, a través dos textos en prosa non temos datos que permitan lanzar hipóteses sobre o grao de abertura da vogal tónica, nin sobre a datación do paso (alomenos dialectal) de /o/ a /ɔ/, pero a fins do séc. XIV atopamos un curioso exemplo nun texto pretendidamente en castelán —mais con distintos testemuños de interferencia mutua e de hipercorrección—, onde se fai unha equivalencia <o = ue> que pode avalar unha pronuncia galega aberta:

venden o alguños dellos que son uestros omnes et viuen *con vuesco* o con algunos escuderos et omnes poderosos [...] o aRedor della a tales que *con vuesco* njn con ellos non pueden auer njn alcanzar complimento de derecho (Coruña 1397; González 1987:569).

2. Aínda que son moi minoritarias no seu conxunto (16 dun total de 193 ocorrencias), pódese afirmar que as formas con <u> caracterizan a lingua da poesía, xa que no resto do corpus atopamos un só rexistro, nun docum ento notarial da terra de Lemos.

⁸ Sen excluír que esta infrecuencia se deba a preferencias persoais dos usuarios e a unha tradición estilística que se transmite duns a outros nun círculo profesional minoritario, a reiteración ao longo do tempo en coleccións que abranguen un amplo arco cronolóxico permite barruntar que este trazo teña un alcance sociolingüístico maior. Reiteramos que o noso estudo se cingue aos textos medievais, entre os que incluímos as escasas mostras de prosa documental de principios do séc. XVI; por tanto, a data límite de 1516 débese entender dentro do noso corpus, non en termos absolutos.

⁹ Seguimos a numeración do *Repertorio* de G. Tavani (1967).

Oito desas ocorrencias proceden de *A* (*Cancioneiro da Ajuda*), en tanto que dúas se atopan en senllas cantigas do cancionero mariano e as catro restantes son reducibles a un único testemuño por figuraren no refrán dunha cantiga de amigo (presente en *B* e *V*); por tanto, a partir da evidente concentración en *A*, pódese conxecturar que as variantes con <u> son pegadas dunha variedade que chega a nós a través desta colectánea. Os testemuños presentes en cantigas de amor que foron transmitidas tamén por *B* ou por *V* revelan que nestoutros cancioneros se usa sempre <o> no canto do <u> que, dese xeito, se fai característico das formas de *A*: *vusco* / *vosco* (*A3/B93*), *convusco* / *convosco* (*A22/B115*), *convusco* / [*con*]*vosco* (*A116/B232*), *con vusco* / *convosqu'* (*A17/B110*) e *convusco* / *con vosco* (*A178/B329*, *A222/B392/V2*, *A258/B435/V47*); o oitavo rexistro de <u> procede dunha cantiga de Martín Soárez [97-41] que só foi transmitida por *A36*. En cambio, nas cantigas dos mesmos autores que non constan en *A* atopamos sempre <o>, o que en parte explica que as formas con <u> estean en minoría no conxunto da produción lírica de cada un deles¹⁰: dos seis rexistros de *V*. Praga, só presenta <u> o único que foi transmitido por *A3* (*B93*), en tanto tres con <o> proceden de dúas cantigas de amor (*B82*, *B89*) e dous dunha cantiga de amigo (*B633/V235*); J. Soárez Somesso presenta só *convusco* en *A22* (*B115*) e *con vusco* en *A17* (*B110*), se ben o segundo alterna con *vosqu'* na mesma cantiga [78-13], mentres que os tres exemplos restantes de *vosco* ~ *vosqu'* se atopan en dúas cantigas de amor que faltan en *A* (*B126*, *B127*); F. García de Esgaravuña alterna *convusco* e *vosco* en *A116* (*B232*), pero usa *vosco* ~ *vosqu'* noutras tres ocasións en cantigas de amor que faltan en *A* (*B228*, *B235*); J. Soárez Coello presenta *convusco* no único exemplo de *A178* (*B329*), en tanto que os seis de *vosco* ~ *vosc'* proceden de cantigas de amigo (*B688/V290*, no refrán; *B680/V282*) e de escarnio (*V1012*); M. Soárez ofrece *vusco* en *A36*, pero *vosco* nunha cantiga de escarnio (*B1367/V975*); P. Gómez Barroso usa *convusco* en *A222*, fronte a *vosc'* e *convosco* nunha cantiga de escarnio (*B1445/V1056*); finalmente, F. Vello ofrece un único exemplo, *convusco*, só en *A258* (*B435*, *V47* <cõ uofco>)¹¹. No que respecta ás restantes colectáneas, os rexistros de *convusco* no refrán dunha cantiga de amigo de J. Zorro (*B1157*, *V759*) son o único testemuño de <u> nos outros cancioneros profanos, unha excepción que precisa explicación e sobre a que volveremos máis adiante; canto ao cancionero mariano, <u> ocorre só en dúas ocasións (dun total de 19), moi distanciadas entre si no conxunto textual: «levade-nos *con vusco*, | que sen vos non fiquemos» (*CSM*:71; en *T* e *To* <conusco>, Mettmann 1981:I, 310), «nunca me casarei *vusco*» (*CSM*:355).

¹⁰ Neste sentido, a variación dos mesmos poetas dentro de *A* é pouco significativa. Dos doce autores considerados (con 17 rexistros en total), dous presentan alternancia (F. García de Esgaravuña e J. Soárez Somesso), cinco ocorrencias únicas de <u> (M. Soárez, V. Praga, J. Soárez Coello, F. Vello, P. Gómez Barroso), tres ocorrencias únicas de <o> (J. Núñez Camanés, F. Padrón, N. Fernández Torneol) e dous ocorrencias dobres de <o> (R. Queimado, V. Gil).

¹¹ Non consideramos «e non ouso *vusco* guarir», de N. Fernández Torneol, pois en *A70* lese inequivocamente *vosco*. A forma con <u> é lapsus —e non emenda— de dona Carolina, que acredita na diverxencia da versión que edita coa de *B183* e así o consigna no aparato (*CA*: I, 151).

Esta concentración en *A*, que nos autoriza a afirmar que dentro do corpus lírico as formas con <u> son características deste cancionero, non empece que nel se dea asemade e con igual frecuencia a variante con <o>, por veces nos mesmos autores. Así, das 17 ocorrencias de formas ligadas, as 8 que presentan <u> (7 *convusco*, 1 *vusco*) enfróntanse a 9 con <o> en proporción interna inversa (2 *convosco*, 7 *vosco*), é dicir, a alternancia dáse, sobre todo, entre formas ligadas primitivas con <o> (6 *vosco*, só 1 *vusco*) e formas con <u> hipercharacterizadas por <con-> (só 2 *convosco*, pero 7 *convusco*). A análise da distribución nos cancioneros das distintas formas concorrentes deberíanos permitir ubicar mellor estas variantes no sistema, pois, se ben as dúas variantes aparecen alternativamente en todo o período, os autores máis antigos, activos antes de mediados do séc. XIII, presentan <u>: a V. Praga debemos o único rexistro de *vusco*; *convusco* en M. Soárez (1v.) e en J. Soárez Somesso (2v.), neste a carón de *vosqu*’; a mediados do século, N. Fernández Torneol e J. Núñez Camanés usan respectivamente *vosco* (1v.) e *convosco* (1v.), e F. García de Esgaravuña tamén alterna *convusco* (1v.) e *vosco* (1v.)¹², Roi Queimado (2v.) e Vasco Gil (2v.) optan por *vosco*, e J. Soárez Coello por *convusco* (1v.); na parte final do cancionero, P. Gómez Barroso (1v.) e F. Vello (1v.) empregan *convusco* e F. Padrón *convosco* (1v.).

Co(n)nusco e *convusco* son formas tipicamente leonesas, castelás e aragonesas, cunha vogal tónica <u> de difícil explicación etimolóxica pero constante na documentación fronte á moi esporádica <o>, que se considera característica do galego-portugués, e en menor medida do leonés antigo¹³. Cómpre considerar, por tanto, a hipótese do castelanismo ou leonesismo, que atinxiría máis a uns autores ca a outros, en virtude da súa maior ou menor exposición á presión das linguas das cortes da meseta e da súa permeabilidade lingüística, sen esquecermos que a suposta interferencia pode reflectir máis as características lingüísticas do colector cás da lingua dos poetas —pois aquel podería transcribir a súa propia variante diatópica, non necesariamente do ámbito galego-portugués, ou mesmo empregar <u> como representación de realizacións de /o/ percibidas moi pechadas¹⁴—, ou tratarse dunha característica diatópica da área en que se compila *A*, e a este respecto cómpre lembrar que non está definitivamente resolta a cuestión de en que ámbito viu a luz este cancionero (Oliveira 1994:265-267). Se ben é certo que son moitos os poetas que frecuentaron a corte de Castela e non por iso presen-

¹² Outros dous rexistros do mesmo autor, de *vosco* en B235, faltan en A114, polo estado lacunar do cancionero.

¹³ En Lfبانو 1998, que estuda as formas castelás, pode consultarse a cronoloxía relativa e un resumo das distintas hipóteses etimolóxicas formuladas desde o punto de vista do castelán antigo. Non é o noso propósito abordar esta cuestión, mais cómpre sinalar que os datos históricos do galego non apoian de xeito decidido ningunha delas.

¹⁴ Sobre a grafía <u> do *Cancioneiro da Ajuda* non hai ningunha dúbida: poderíase poñer en causa A17 <co u_oco>, a pesar de non ser discutido o desenvolvemento en <us> do signo <u>, pero nos restantes rexistros figura sempre <uuf>. Ningunha das formas con <u> está en posición de rima, unha circunstancia que a nós nos impide o cotexo con outras secuencias semellantes, pero que deixa unha grande liberdade de acción ao copista.

tan castellanismos relevantes, tamén o é que están documentadas longas estadías no dominio do castelán para case todos os que presentan <u> (M. Soárez, F. García de Esgaravuña, J. Soárez Coello, P. Gómez Barroso e F. Vello; para os datos biográficos remitimos a Oliveira 1994 e 2001); nesta relación faltan os dous trobadores máis antigos, e polo tanto máis doadamente relacionados cos que a fins do séc. XII e principios do séc. XIII, nunha fase previa da progresiva occidentalización da poesía trobadoresca (Oliveira 2001:79-95), produciron a súa obra no norte da península, onde serían habituais as formas con <u>. Engádase —se non como proba, polo menos como apoio argumental— a proporción inversa mencionada no parágrafo precedente, pois <u> non se concentra nas formas máis primitivas (?*nusco*, *vusco*), exclusivas das variedades románicas máis occidentais, senón nas que incrementan *con-*, compartidas coas variedades peninsulares centrais. No ámbito galego non localizamos outros testemuños de <u>, a non ser un de *convussco*, máis tardío cós anteriores (1324 Lemos; *Pantón*:55), nun documento escrito en galego sen interferencias lingüísticas apreciables¹⁵.

Poderíase tratar dunha característica diatópica, dunha área localizable no norte de Portugal, en contigüidade ou non co resto do dominio hispánico de *-usco*. Desde o punto de vista da gramática histórica, resulta máis doado explicar esta pechazón da vogal tónica en galego-portugués ca en español, pois en última instancia responde a un dos seus patróns evolutivos típicos, consonte *esto* > {*isto*, *esto*}, *todo* > {*tudo*, *todo*}. Noutro lugar mostramos que nas áreas galegas caracterizadas pola presenza de *isto*, coma no territorio ao sur do Miño contiguo do galego tudense (*vid.* Maia 1986:690), as formas do demostrativo con <i> tiñan máis vizo en épocas temperás (séc. XIII) e son avantaxadas por formas con <e> xa no séc. XIV, ata o punto de que no momento do ascenso do pronome *elo* non se xera unha variante dialectal **ilo* (Álvarez [2000])¹⁶. E de feito seis dos sete poetas que empregan (*con*)*vusco* proceden do territorio portugués situado entre o Miño e o Douro, sobre todo da súa parte sur (Oliveira 2001:182; incluímos entre eles o galego Vasco Praga, instalado en Sandim), en definitiva da rexión desde onde as formas dos demostrativos hipercaracterizados en <i> se propagaron ao resto do territorio (en Maia [1986:417 e 689-690] pódense confrontar os abundantes rexistros de Douro Litoral cunha única ocorrencia na actual provincia de Minho); o oitavo

¹⁵ Os raros rexistros de <u> do noso corpus están en textos ou fragmentos casteláns producidos fóra de Galicia e incorporados á documentación propia; é dicir, as formas *connusco-conusco*, *convusco* circularon en Galicia vencelladas a estes textos, pero non foron utilizadas polos notarios e escribíans na prosa notarial galega.

¹⁶ Maia (1986:517) indica que non atopa exemplos de metafonía de /o/ por influencia de [u] final no seu corpus (onde *TOTUM* > *todo*), pero advirte que na lingua antiga *tudo* aparece, ben que con escasa frecuencia, na lingua dos cancioneiros. A procura destas variantes no corpus lírico dános só dous testemuños seguros: un de Johan García de Guillade (na cantiga de escarnio B1495/V1106, que incomprendiblemente algúns editores modifican en *todo*), da mesma área xeográfica ca (*con*)*vusco*, e outro de Airas Núñez (cantiga de amor, B[855bis]/V469); a eles poderíase engadir outro de Johan de Guillade (cantiga de amigo B787/V371) segundo a lección dalgúns editores, mais é dubidoso que sexa preciso emendar os dous cancioneiros italianos que din, literalmente, “e por est’amiga estudo”. En galego moderno, a forma *tudo* só existe, de xeito esporádico, na fronteira do Miño.

poeta, Fernán Vello, é de orixe moi discutida, polo que nos abstemos de facer conxecturas, a pesar de considerarmos que unha análise máis atenta deste e outros trazos lingüísticos acaso podería axudar a sitalo. A confirmación desta explicación diatópica precisa dunha achega de formas documentais que non estamos en disposición de ofrecer, pois nin Maia (1986) nin Martins (2001) nin a literatura científica manexada fornecen rexistros. De por parte, aínda no caso de se comprobar, esta hipótese da variación diatópica non permite explicar o testemuño da terra de Lemos citado no parágrafo precedente, pois esa derrama galega da área mencionada non estaría apoiada polas características diatópicas do galego lucuauriense e oriental, nin na época antiga nin na moderna¹⁷.

Finalmente, cómpre sinalar que a presenza de <u> tónico resulta pouco congruente no sistema pronominal, que ou presenta uniformemente <o> ou distingue <o> tónico de <u> átono. Unha análise formal dos autores que testemuñan *-usco* revela que nas mesmas cantigas empregan, ademais, *vos* como forma átona oposta a *vos* tónica («que *vos* vejo aver de m' alongar de *vos*», V. Praga:A3; «que el cofonda *vos* e vosso sen, e min, senhor, [por]que *vos* quero ben», F. García de Esgaravuña:A116; «log' ante *vos* mi-afrontaran, que *vos* amo de corazón», M. Soárez:A36) e que en posición átona concorren, ademais, *vos* e a amálgama *voló*, coma en «que *vos* quero ben... quen *vo'-lo* foi dizer» (J. Soárez Coello:A178), «mais Deus *vo-lo* leixe saber... *vos* faç'aver de m'ascuitar, e tolh'a min de *vos* pavor» (J. Soárez Somesso:A22) e «ca *vos* nunca podería mayor pesar dizer... e fui *vo'-lo* con gran coita dizer» (P. Gómez Barroso:A222). Esta regularidade rómpese en dúas ocasións, sempre a favor de *vos*: F. Vello (A258) prefire *vos* en posición átona (7 ocorrencias, 3 delas no refrán) e só emprega *vos* na contorna textual de *-usco* («des que *vos* vi e *convusco* falei e *vos* dix' o grand'amor que *vos* ei»); J. Soárez Somesso, cando alterna nunha mesma cantiga *vosqu'* e *con vosco* (A17), usa asemade a variable *vos ~ vos* (complemento sen preposición: «d' ña cousa que *vos* direi... u *vos* vi ir, e non ousei») oposta a *vos* (inequivocamente tónica). De todo isto conclúese que as variantes pronominais con <u>, ademais de seren marcadamente átonas, ocupan unha posición un tanto feble ou marxinal dentro do diasistema e que, polo tanto, a aparición ocasional ou dialectal de formas en *-usco* en galego-portugués non pode ser explicada como resultado de procesos analóxicos internos¹⁸.

¹⁷ Con todo, hai outros datos que avalan a existencia dun fenómeno dialectal distinto que podería explicar *-usco* a partir de *-ðsco* nunha área máis oriental cá anterior, pois non só *post > pus* no galego auriense medieval (Álvarez & Xove 1997:32-36), senón que no territorio colindante polo leste se atopan formas como *jugo* 'xogo' na Maragatería (subst. e PI de *jugar*; Alonso Garrote 1947:254), e *jugo*, *llugo* 'logo', *buy* 'boi', *nustro* 'noso' e *vuso* 'voso' son formas dialectais dentro do leonés e caracterizan o sayagués (Lihani 1973:71-74).

¹⁸ Staaff xustifica deste xeito a aparición ocasional de formas con <o> tónico en leonés: "Quoiqu'il en soit, les formes avec *u* sont certainement les régulières au point de vue phonétique, tandis que celles avec *o* s'expliquent facilement par l'influence des formes simples *nos* et *vos*" (Staaff 1907:271). Por canto sabemos da historia dos nosos pronomes, semella que procesos deste tipo actuaron xustamente na dirección contraria, pois a explicación máis plausible do paso *vós* [o] > *vós* [ɔ], e no seu ronsel *connosco* [o] > *connosco* [ɔ], está na regularización do /ɔ/ do posesivo (*noso*, *vosó*...) como marca de P4 e P5 pronominais.

1.2. A preposición *con*

1. A preposición pode estar graficamente soldada ou non, o que pode ser indicativo da pronuncia —ou da consciencia— de unha ou dúas palabras, e en definitiva do grao de gramaticalización existente. Non podemos entrar en profundidade na análise desta cuestión, porque lamentablemente partimos de edicións de textos feitas con criterios dispares e en xeral pouco atentas a estes pormenores; pola mesma razón, tampouco imos atender á diferenza gráfica entre <con, com, cõ>, en calquera caso pouco interesante para a nosa descrición. Consideramos tamén irrelevante para o estudo morfosintáctico a presenza esporádica da grafía en lugar de <u, v>, así como a alternancia entre estes dous grafemas para a transcripción da consoante labial; tamén prescindiremos da análise de <c, qu> como grafías da derradeira consoante velar, a segunda usada sobre todo ante elisións ou en sinalefas.

2. A vogal átona da preposición pode ser <o> ou <u>, sen dúbida como traslado á escrita de dúas pronuncias distintas, a segunda con elevación da vogal pretónica. As formas con <cun-> son moi infrecuentes en galego, pois en todo o noso corpus só localizamos tres rexistros, uns acantoados no Miño (A Guarda 1287, Tebra 1317, coma en Valença 1262...)¹⁹, e todos apoiados con outras elevacións do vocalismo átono:

esta auijnça para sempre ualedeyra *cun* lo cabídeo de Santiago & *cunuosco*, Pedro Fernandes, abade de Nogueira (A Guarda 1287).


& uen *ffirir* ao portal [...] *cun* todas entradas & *ssaýdas*, / & *cun* todas *ssúas* *perteeças* [...] *morauidís* & / *dozentos* [...] a qual / nós a uós uendemos, como dito he, por preço que nós *cunuosco* aueemos (Tebra 1317).

fazemus cun vosco a prazer de nos et de vos esta carta (Oseira 1296).

3. A forma de 1P ten unha variante *conosco*, con redución de *-nm-* > *-n-*. Non é doado saber se se trataba de dúas variantes pertencentes a sistemas de linguas funcionais distintas ou se a diferenza gráfica traslada á escrita a existencia dunha variable na pronuncia²⁰. No corpus

¹⁹ Lorenzo atopa moitos exemplos desta variación na *Traducción*, tamén da área tudense; para el, que non considera a lingua do texto desde a perspectiva diatópica, a alternancia *o/u* débese a “unha fluctuación espontánea entre as dúas vogais que afecta a calquera palabra” (1997:445), e é posible en calquera texto galego, portugués ou mesmo castelán. Segundo Maia (1986:397), na rexión de Entre-Douro-e-Minho aínda hoxe é xeral a pronuncia con [u] átono inicial, mesmo nas camadas cultas locais, a pesar de que este é un dos poucos contextos en que, na sílaba pretónica, o grafema <o> mantivo o antigo valor de [o] na lingua habitual das camadas cultas do resto do país.

²⁰ Como ocorre hoxe, a SW da isoglosa *CONNOSCO*, con *con nós* [koŋnɔs], pronuncia preferente, e [ko'nɔs], posible en pronuncia menos esmerada. Na actualidade, as formas /ko'noʃko/ e /ko'nɔʃko/ documéntanse salferidas na área *CONNOSCO*, sen formaren áreas compactas extensas, concentrándose especialmente nos territorios de maior frecuencia de uso das formas ligadas (área fisterrá, ao norte da ría de Muros, e SW de Ourense). A existencia desta variante *conosco* en galego moderno —e nalgunhas modalidades portuguesas,



Mapa 1. Distribución xeográfica das formas NOSCO, CONNOSCO {*conosco*, *conosco*} e CON NÓS procedentes de textos notariais

singularmente no brasileiro— autoriza o tratamento diferenciado desta forma tamén na lingua medieval; non pasamos por alto os problemas gráficos da nasalidade nalgúñas edicións de documentos, pero cómpre ter en conta que eses mesmos editores nunca dan variantes como **covosco* e mais que tamén hai testemuños de -n- nas edicións máis rigorosas.

as formas de 1P son moito menos frecuentes cás de 2P, polo que as hipóteses deben ser feitas con cautela e raramente permiten chegar a conclusións definitivas; con todo, hai algúns datos significativos que aconsellan tratar con certa demora esta variante, pois parece que entra en competencia con *conosco*.

Dun total de 52 ocorrencias na prosa tabeliónica, 12 (23,08%) son de *conosco*, unha proporción alta de máis para a grafía dunha pronuncia puramente coloquial, que se esperaría ocasional. É sintomático que a prosa literaria tamén achegue exemplos, se ben en ningunha obra se emprega de maneira exclusiva: na tradución da *CC* hai 2 rexistros de *cōnosco* e 7 de *conosco*, que é tamén a forma do único exemplo contido na parte da *CG* (Lorenzo:136; corrixido para *cōnosco* no ms. A₁, máis tardío e con características diatópicas diferentes); en *MS* atópase 1v *conosco* no primeiro fascículo e senllos exemplos de *conosco* e *cōnosco* no fascículo 5, doutra man e integrado serodidamente no volume facticio (Gómez 2001); en cambio, *LT* (2v), *GE* (2v) e *CT* (19v) sempre rexistran *-nn-*. Se engadimos que nas mesmas obras tamén se pode atopar para a 1P *nosco*, atopamos a seguinte situación: en *CG-CC* predomina *conosco* sobre *cōnosco* e *nosco*, nesta orde; en *GE* só se atopa *cōnosco*; en *LT* e *CT* predomina *cōnosco* sobre *nosco*; en *MS* predomina *conosco* sobre *cōnosco*; é dicir, en ningún caso se dá como alternancia preferente *nosco/conosco*, o que apoia a tese de se tratar dunha progresión de máis culto a máis coloquial: *nosco* → *conosco* → *conosco*. Pola súa banda, a poesía non achega exemplos de *conosco*, mais non é doado discernir se este trazo é atribuíble ao orixinal ou ao copista; é sintomático, así a todo, que no xénero máis elevado, onde atopamos un uso excepcional de *nosco*, non haxa trazas de *conosco*.

A distribución xeográfica das formas non permite falar dunha variación diatópica en territorios diferenciados (*vid.* mapa 1). A maior concentración de *-n-* parece ir parella, como ocorre aínda hoxe, da maior frecuencia de rexistros de *CONNOSCO*, o que pode ser interpretado no sentido de que a maior uso e popularización corresponde maior “desgaste” fónico, ou simplemente como un efecto da maior probabilidade estatística²¹. Digamos, con todo, que os rexistros de *conosco* son sobre todo ourensáns (1265 Melón, 1276 Orcellón, 1294 Maceda, 1339 Ramirás, 1341 Rocas, 1385 Ourense, 1473 Oseira, 1486 Montederramo), cunha cadencia continua nun amplo arco temporal; en occidente atopamos rexistros moi esporadicamente (1372 Santiago, 1438 Muros), mais están avalados en Compostela por *MS* e na área tudense pola tradución de *CG-CC*; na área luguesa temos un testemuño illado e *setrodio* (1422 Lugo), que xunto co de Compostela marca o límite norte máximo na nosa documentación. En cambio, a área de *conosco* parece ser máis extensa, cando menos polo norte e polo leste: a forma

²¹ Cómpre ter presente que a ausencia dunha ou outra variantes non está cuberta por outra opción, pois xa vimos que *nosco* era infrecuente, e veremos que tamén o foi *con nós*. É dicir, os textos non achegan información de como se expresa este significado, deixándonos na dúbida de con que formas se faría de ter a necesidade de facelo; e esta ausencia é debida só en parte a que non circulan por igual entre a xente do oficio expresións ou fórmulas que son habituais e recorrentes na práctica notarial doutros lugares («fazer concambia conosco», «fazer partilla conosco», etc.).

rexístrase na área mindoniense ata finais do séc. XV, e non son estes os únicos testemuños na metade norte de Galicia (1269 Vilar de Donas, 1282 Vilalba, 1285 Sobrado, 1291 [2v] e 1349 Viveiro, 1339 Santiago, 1354 Monfero, 1405, 1407 [2v] e 1478 Mondoñedo, 1428 Guntín, 1455 Monterroso, 1468 Toques)²²; tamén se rexistra na área ourensá citada anteriormente (1271 Aguiar, 1271, 1279 e 1327 Maceda, 1296 Montederramo, 1310 Rocas, 1319 e 1443 Ourense, 1346 Ramirás, 1364 San Estevo de Ribas de Sil), pero reborda esta polo leste, cara ao antigo territorio da diocese de Astorga (1279, 1384 e 1389 Manzaneda, 1287 Cadelas e Trives).

2. A VARIACIÓN CRONOLÓXICA, DIATÓPICA E ESTILÍSTICA DE *NOSCO* : *CONNOSCO* : *CON NÓS*

2.1. *Nosco* e *uosco* vs *connosco* e *convosco*


Nosco e *vosco* son presumiblemente as formas máis antigas, a partir de *nōscum* < *NOBISCUM* e *vōscum* < *VOBISCUM*, se ben conviven xa desde o inicio da nosa tradición gráfica con formas que integran *con*-²³. Dado que a presenza de *nosco*, *vosco* é desigual nos distintos tipos de fontes medievais, na análise dos testemuños trataremos por separado a prosa non literaria, a prosa literaria, a poesía profana e a poesía relixiosa.

1. As formas *NOSCO* son moi infrecuentes na prosa tabeliónica, onde atopamos só rexistros esporádicos dispersos no espazo e no tempo ata promediar o séc. XIV: *nosco*, Vilar de Donas 1272; *uosco*, Orcellón 1269, Vilar de Donas 1272 e 1275, Monterrei 1284 e 1293, Xallas 1326, Santiago 1327, A Guarda 1346 e Rocas 1363²⁴. A escaseza de datos non permite tirar conclusións sólidas sobre unha posible distribución diatópica, se ben é visible que ningún dos escasos rexistros destas formas procede das dioceses de Mondoñedo e Astorga, e que os da diocese de Lugo se atopan na marxe occidental do Miño (*vid.* mapa 2); dito doutro xeito, aínda que sexa por azar ou por puro cálculo de probabilidades, os rexistros

²² A presenza exclusiva en obras como a *CT* axuda a reforzar a hipótese de que a variante reducida ou era descoñecida ou tiña distinto estatus no norte.

²³ Sempre equivalen a *con* + P4 e *con* + P5, o que abonda para desbotar por gramaticalmente inadmisibile a lectura «que nunca eu já viva *sen vosc'* ar outra vez» (Vasco Fernández Praga de Sandim) (151-22, ed. coordinada por M. Brea, seguindo a Lapa); non ocorre o mesmo coa lección de Nunes, doutra parte moito máis apegada ao texto de V: «sen vos tan[t'] outra uez» (*Amigo*, LXVIII).

²⁴ Incluso nunha colección documental tan extensa coma a de Oseira, no corazón da área en que as formas ligadas son usadas con maior frecuencia, entre 1258 e 1308 atopamos un só rexistro de *uosco* (1269) fronte a 38 de *conuosco* e variantes. Engádase que nos textos notariais son aínda máis infrecuentes as formas *migo*, *tigo*, *sigo*, das que raramente atopamos exemplos, e en todo caso as mostras esporádicas apoian o mesmo territorio e o mesmo arco temporal: “dou a vos fiador et devedor *migo*” (Santiago 1332; *Belvís*: 402).



Mapa 2. Xeografía e cronoloxía das formas *nosco* procedentes de textos notariais

conservados proceden da área que hoxe conserva as formas ligadas. Semella máis claro o marco temporal, pois as distintas coleccións ofrecen documentos máis tardíos que presentan só outras variantes; por iso, aínda que estes datos non validan por si mesmos a afirmación de R. Lorenzo de que “la forma *vosco* es corriente en el XIII”, si apoian que é “decadente ya en el XIV” (Lorenzo, *Glosario*: s.v.). Cómpre salientar, con todo, que non hai unha sucesión diacrónica inmediata, pois as formas que se acabarán impondo coexisten con estas desde os inicios do galego escrito.




Gráfico 1. Cronoloxía da variación NOSCO : CONNOSCO : CON NÓS a partir das fontes documentais

2. Os textos literarios en prosa ofrecen información adicional, pois se ben non avalan *nosco* fóra do marco xeográfico descrito con anterioridade (as catro versións son occidentais), avalan a súa infrecuencia e mais o feito de se tratar de arcaísmos e/ou de formas de estilos elevados. Ao noso xuízo, o repaso cronolóxico polos escasos rexistros, en relación cos respectivos contextos, deita algunha luz sobre a posición que ocupaban nos distintos, acaso sucesivos, sistemas:

(a) c. 1300, *Tradución galega da CG e da CC*. Son só catro as ocorrencias na tradución (1 de *nosco* e 3 de *uosco*), todos eles na parte que corresponde á *Crónica de Castilla (CC)* e ningún na *Primera Crónica General (CG)* nin na de *San Fernando*. Os catro proceden de situacións discursivas con distinto grao de cerimonia, que ordenamos de maior a menor:

Et por ende uos beyiamos as mãos et uos pedimos por merçee que lles perdoedes. Et nos de bõamente uos soltamos o preito que *nosco* auedes en esta rrazõ (CC: 456).

—Des oie dia endeante dou por juizo que sse nõ assente *uosco* senõ rrey ou prelado; ca, tantos rreis crischaaos et mouros auedes uos uençudos, que por esta rrazõ nõ nõgũu uosso par (CC:616).

Et rresponderõ: —Çide, nõno teuisse Deus por bẽ que nos ficassemos ena uila; mais yremos *uosco* aa fazenda et guardaremos o uosso corpo coñmo se fossedes o conde dom Gonçaluo, nosso padre (CC:587).

Et mãdou que llis dessem pola gaança o que quisesem. “Et leuade *uosco* uossa gente, para que uaaes mais acõpanhados et onrrados para uijr cõ dona Xemena” (CC:559).

O primeiro forma parte dun parlamento moí cerimonioso e procuradamente obsequioso dos mouros diante do rei; no segundo é o rei quen fala, na corte, concedéndolle unha grande

honra ao Cid; no terceiro, os xenros do Cid, avergonzados, replican afoutos rexeitando a posibilidade de quedaren na retagarda; no cuarto, o menos cerimonioso pero non por iso non formal, o Cid despide a Alvar Fañez e a Martín Antolínez, que parten coa encomenda de lle traeren a muller e as fillas. Segundo consta no cotexo do editor nas notas a rodapé, a versión portuguesa non avala esta variante: Cr. 1344 «uos quitamos o... *cōnosco*...», «nē sse deue *cōuosco* dasseentar», «*cōuosco* aa batalla» (no derradeiro exemplo, elimínase a opción co estilo indirecto: «que leuassem *conssigo*»); tampouco o fan os manuscritos casteláns conservados, que presentan no primeiro caso *contigo*, no segundo e terceiro *cō vos ~ con vos* (ms. 1347) e *conbusco* (ms. 7403), no cuarto *conbusco*. Se ben é certo que a versión galega é anterior en case medio século á versión portuguesa e que os manuscritos casteláns citados non son o antecedente directo da versión galega (Lorenzo 1975:LXII), a falta de correspondencia parece avalar que a fins do séc. XIII *nosco* e *vosco* eran unha posibilidade real para un galego culto, que mesmo podía ser sentida como característica galega ou dun certo estilo dentro do galego; unha posibilidade minoritaria, como o mostra a desproporción entre estes catro únicos rexistros e as trinta ocorrencias de formas con *con-*, en contextos, á fin e ao cabo, non moi desemeillantes.

(b) Terceiro cuartel do séc. XIV, *Livro de Tristán*. Dos tres rexistros da obra, só un é de *nosco* e os outros dous de *cōnosco*:

—¿Nō metedes em este caualeyro mētes que *nosco* uay? | —¿Et que he? —disso ele. | —Todo o día, disso Queya, andou oge *cōnosco*, et ora, tãto que uiu o caualeyro que a ponte guardaua, uay ficãdo detras por nos meter deãte et que lle paguemos esta portagē (LT:50).

—Ora [se?]ia, disserō os caualeyros, mays se quiserdes iustar *cōnosco*... (LT:54).

Dúas das formas aparecen na mesma pasaxe e en boca do mesmo personaxe, pero a forma *nosco* vai acompañada dunha interpolación moi forzada do complemento preposicional en medio da lexía *meter mentes*, o que nos leva a pensar que se insire nunha construción máis elevada. De por parte, segundo a opinión autorizada de I. Castro, o texto contén arcaísmos pouco probables na lingua de finais do séc. XIV (1997:143), avalando a hipótese de se tratar dunha copia doutro do séc. XIII²⁵.

(c) En 1372, a tradución galega da *Crónica Troiana* ofrécenos seis rexistros (5 *nosco*, 1 *uosco* / 19 *connosco*, 14 *conuosco*), dos cales os cinco de *nosco* proceden do caderno de Fernán Martís (folios 119-128) que se atopa xebrado do resto da súa tradución; máis aínda, tres deles proceden da mesma alocución de Néstor a Aquiles:

²⁵ Tamén presenta un rexistro de *migo*, forma moito máis infrecuente ca *nosco*. Para unha caracterización da lingua do fragmento, *vid.* Lorenzo & Souto 2001:29-55.

et están moy orgullosos et moy fortes cōtra nós; et demays, porque uos ñ ueen *nosco*, coydan que nos faleçestes et que uos partistes de nós. [...] e por esto esquiuará a paz et ñ a querrán auer *nosco*. Mays, sequer, tãto fazede por nós: jde *nosco* aa batalla esta uez (CT:528).

et alý sse uēden moy carament ante que seiã tomados, ñ cōquistos, ñ pleytejados, mayormēt aquestes que cada día saen a cōbatersse *nosco* a grã perfía (CT:526).

desque Éytor naçeu, nūca nos tãto mal fezo, ñ tãto dãno, ñ tã grãde, ñ rreçebe-mos tã grãde onta de troyãos mētre Achilles foy *nosco* (CT:534).

Esta ubicación dos testemuños no conxunto do texto é importante, porque a lingua de Fernán Martís é máis coidada e máis respectuosa cos trazos tradicionais e diferenciais do galego cá do(s) seu(s) colaborador(es), e mais porque das súas afirmacións se desprende que este caderno foi elaborado con posterioridade ao outro longo fragmento traducido por el mesmo. Pois ben, nos primeiros 100 folios debidos á súa man, unicamente se rexistran *cōnosco* (8v) e *cōuosco* (20v), mentres que no caderno citado (folios 119-128) só se recollen *nosco* (5v) e *cōuosco* (3v); no resto da tradución, que non é obra súa, atopamos *cōnosco* (11v), *cōuosco* (10v) e *uosco* (1v, xa no cap. 399). De por parte, nos mesmos casos *RTC* presenta sempre *connusco* e *conuusco*, *HT* vacila entre *connusco* ~ *cōnusco* (Lorenzo: 526, 534, 638) e *nosco* (Lorenzo:528; en *KMP* (-cō)*uosco*, ibidem). Por tanto, a concentración de *nosco* como forma única nese caderno posterior e illado pódese entender como un cambio de criterio, en aparencia máis cultista, a favor da forma máis conservadora (e quizais tamén, ao seu xuízo, máis caracteristicamente galega).

A falta dun estudo máis demorado da lingua do texto non podemos afirmar que houbera unha intención estilística. Con todo, observamos que o único emprego de *uosco* se produce nun contexto moito máis cerimonioso có dos rexistros de *convosco* que o rodean (polo tanto moi probablemente da mesma man), todos en alocucións do mesmo personaxe:

Agora nosos rreys et nosos príncipes, aqueles que alá mais podem et mais ualem, aqueles me enuiarō acá cō seu mādado. Et enufãuos dizer que quirfã de grado *cōuosco* auer paz (CT:634).

Et esto uistes uós bē ata aquí ñnas trégoas que *uosco* oueron, que nūca uos ende hña quebrantarō, et nūca deles fuj oýda traicóm, ñ uerdade quebrantada (CT:638).

Et dísolles Antenor: |—Meus senores, ñ á cousa que eu *cōuosco* ñ fezesse por auer *cōuosco* amor et bēquerença (CT:645).

En efecto, no primeiro rexistro de *convosco* Antenor, que actúa como mensaxeiro, diríxese aos gregos que o acollen, ofrecéndolles a posibilidade de pór fin a tanta dor asinando a paz; na terceira pasaxe, Antenor fala en privado «soos, alongados dos outros», cos reis

gregos Ulixas e Diomedes. En cambio, cando usa *vosco* non está rodeado do exército grego senón no pazo troiano, rodeado de señores «grandes e ricos» e «menores», en plena audiencia real e en presenza do «señor el rrey Príamo».

(d) c. 1400, *Miragres de Santiago*. Presenta unha porcentaxe relativamente alta da forma breve en comparanza coas anteriores, pois dun total de oito rexistros tres son de *uosco* (fronte a 1 *cōnosco*, 2 *conosco* e 2 *cōvosco*); e isto nunha época en que *NOSCO* desapareceu por completo da prosa documental:

—Meus fillos nõ ajades medo ca aqui soo eu *vosco* quen vos chamastes (*MS*:189).

Et os apóstolos estando en rredo[r] do moymēto, v̄õo Ihesucristo a eles cõ moy grã cõpana d'angios, et [diso]: —Paz seja *vosco* yrmãos (*MS*:231).

et entõ a rrayna, descalça et cõ moi grã jente yra aa pousada, et nõ podera nĩhũa gisa entrar *vosco* ãna casa (*MS*:65).

O certo é que os tres están en boca dos participantes marcados como superiores en canto que son os executores no milagre: no primeiro, quen fala é o propio apóstolo Santiago, que se aparece na barca en perigo; no segundo, o mesmo Xesucristo, que se lles aparece maxestuosamente aos apóstolos; no terceiro, é unha monxa santa que profetiza diante do abade de Carboeiro todo o que vai pasar e lle dá instrucións de como debe actuar. En cambio, as formas con *con-* poden aparecer en contextos similares a estes (*cōvosco*, *MS*:225), ou en situacións menos formais (*conosco*, *MS*:233 e 5; *cōnosco*, *MS*:233).

Canto á súa ubicación no texto, no fasc. 1 (un dos tres dedicados a Santiago Alfeo e o seu culto), figuran *conosco* e *vosco*, con cadanseu rexistro, procedentes de textos diferentes, ambos sen ningunha conexión co texto calixtino; no fasc. 4 figura unicamente un rexistro de *vosco*, no que parece ser un texto independente —con papel e letra distintos—, que non se pretendeu que formase parte do primitivo códice; no fasc. 5, que non ten relación co resto do manuscrito e puido ser agregado á encadernación moi tardiamente, atópase unha ocorrencia de *vosco* (fronte a catro ocorrencias con *con-*) (Gómez 2001:25-38). Son, por tanto, rexistros de procedencias distintas, sen que poidamos determinar en que medida se explican por transmisión de textos anteriores ou aínda por utilización destas formas arcaicas —acaso en parte por variación diatópica— nunha altura en que xa non están aboadas por outros testemuños.

3. A poesía lírica, en cambio, dá unhas porcentaxes de uso de *nosco* e *vosco* que non se corresponden en absoluto coas que apreciamos nos restantes textos: 4 *nosco* e 107 *vosco* (66,07 %), fronte a 3 *connosco* e 54 *convosco* (33,93 %)²⁶. A desproporción a favor

²⁶ A porcentaxe é similar á que ofrecen *migo*, *tigo* e *sigo* vs *comigo*, *contigo* e *consigo* na lírica profana (69,28%: 30,72%), fronte á ausencia xeneralizada das formas primitivas nos textos en prosa, literarios e notariais.

das formas máis antigas non se explica só por razóns métricas, que obviamente nuns casos favorecería a forma bisílaba e noutras a trisílaba; ora ben, en todo caso, o distinto número de sílabas entre unha e outra formas permite concluír que a escolla entre ambas foi realizada polos autores e non polos copistas ou colectores. Dunha análise pormenorizada dos poemas e poetas que presentan *nosco* e *vosco* tíranse as seguintes conclusións:

(a) A maior parte dos autores presenta só a forma reducida (*nosco*, *vosco* en 29 deles), séguenlles en número os que alternan as dúas (19 *vosco* ~ *convosco*, dos cales 7 prefiren *vosco*, 3 *convosco* e 9 presentan un número igual de ocorrencias de ambas as formas; 1 *nosco* e *convosco*, 1 *nosco* e *vosco* ~ *convosco*), e son os menos os que testemuñan soamente a composta (13 *convosco*, ben é certo que só 2 deles con máis dunha ocorrencia).

(b) Non se aprecia unha correspondencia evidente entre a cronoloxía e o emprego de unha ou outra formas, pois nin as primitivas son características dos poetas máis antigos, nin as compostas o son dos máis tardíos. Así, por citar só os que presentan máis dunha ocorrencia, as primeiras aparecen como formas únicas tanto en autores activos de mediados á fin do séc. XIII (Airas Carpancho 3v, F. García de Esgaravuña 5v, Roi Queimado 2v, Vasco Gil 2v, Gil Pérez Conde 6v, Pedr'Amigo de Sevilla 6v, Galisteu Fernández 6v, Pero d'Ornelas 2v, Pero Gonçálvez de Portocarreiro 3v, Men Rodríguez Tenoiro 2v, Airas Veaz 2v), coma na primeira parte do século seguinte (Estevan Fernández de Elvas 3v, Estevan da Guarda 2v). Doutra banda, as formas compostas concorren coas primitivas xa en autores temperáns (Vasco Fernández Praga [1v de 6], Johan Soárez Somesso [2v de 6]), entre os que poden estar en maioría (Rui Gómez o Freire [4v de 5]) ou presentárense en exclusiva (Fernán Rodríguez de Calleiros [3v]); mantéñense adoito como minoritarias fronte ás outras, incluso contra mediados ou finais do período (Roi Fernández [1v de 5], Johan García de Guillade [2v de 8], Rodrigo Eanes Redondo [1v de 3], Johan Airas [3v de 5], Johan Soárez Coello [2v de 7], Pai Gómez Chariño [3v de 9]), e só nuns poucos autores manifestan tendencia a se equilibraren (p. ex., en Pero da Ponte e Martín de Padrozelos [2v de 4], Don Dinís [5v de 10]²⁷) ou a avanzaren a forma primitiva (Pero Gómez Barroso [2v de 3], á parte do xa citado Rui Gómez o Freire). Así a todo, pódese percibir unha tendencia progresiva cara a *con-*, pois os autores que empregan en exclusiva estas variantes concéntranse a partir de mediados do séc. XIII, coa única excepción de F. Rodríguez de Calleiros; isto non empece que a variante antiga se seguise utilizando, quizais por un criterio cultista consonte o xénero, mesmo como forma única en autores de todo o período trobadoresco.

(c) Tampouco se aprecia unha correspondencia clara entre o uso e a procedencia dos autores, como se comproba a través dos nomes dados no comentario precedente, pois en todos os momentos se poden dar nomes galegos e portugueses que teñen unha ou outra

²⁷ Outros presentan senllos exemplos de cada opción: J. Baveca, M. Soárez, Lourenço, J. Pérez d'Avoín, A. Pérez Vuitorón, J. de Requeijo, J. Vello Pedrogáez.

práctica²⁸; tamén autores doutras procedencias se inclinan pola forma reducida, acaso por considerárena máis caracteristicamente galego-portuguesa (Johan Vásquiz de Talaveira, Galisteu Fernández...). Cómpre ter presente que as formas sen *con-* inicial faltan en español, o que sen dúbida faría que nas cortes da meseta se interpretasen como un trazo diferencial, característico do galego-portugués no conxunto do dominio hispánico²⁹.

Por tanto, deixando á parte as razóns puramente métricas e excluído que se trate dunha escolla condicionada por características diatópicas, só nos resta concluír que esta preferencia por *nosco~vosco* na lírica profana, sen parangón na prosa coetánea, sexa debida ou á variación diastrática ou á variación diafásica. Non é esta a primeira ocasión en que chegamos á conclusión de que a lingua da poesía, nomeadamente a da lírica, se afasta das características xerais da lingua medieval (Álvarez 1994, 1997, 1998). Na nosa opinión, esta consonancia das formas arcaicas coas características do xénero avala a percepción xa exposta de que se trataba de arcaísmos típicos de estilos moi elevados e/ou de situacións moi formais.

4. Na poesía relixiosa tamén se percibe unha clara preferencia polas formas máis simples (14v [73,3%] fronte a 5 de *con-*)³⁰. Só nunha ocasión concorren as dúas variantes nunha cantiga, onde ademais forman parte da mesma alocución, nun contexto en que se fai unha promesa pero non se dan condicións de especial solemnidade: «Amig', assi farey / que cras *con vosco* m' irei / e atanto buscarey aquel que foi esposado / *vosco*, que o acharey» (CSM: 135). A diferenza sintáctica entre os dous rexistros —*con vosco* complemento comitativo de *ir(se)*, fronte a *vosco* complemento preposicional de *esposar*— semella casual e non se sustenta con outros exemplos do mesmo corpus, xa que se dunha banda tanto *ir* coma *levar* presentan ambas as variantes no complemento comitativo («buscad' alguen que vaa *vosqu'*» CSM:299, «e yrei logo *vosco*» CSM:321, «Levade-me *vosco'*, ay, amigos meus!» CSM:5 / «*con nosco* forades a tãevroso lugar» CSM:254, «levade-nos *con vusco*» CSM:71, «levar-me querades *convosco* sen tardar» CSM:261), doutra ocorre o mesmo co complemento preposicional de *pelejar* ou lexía equivalente («por que peleja *nosco* mui aficadamente» CSM:409 / «*Convosco* oy mais non quero peleja» CSM:196)³¹.

²⁸ Digamos só, a xeito de comentario, que son portugueses dous terzos dos poetas que só rexistran *nosco~vosco*, a metade dos que rexistran (*con*)*nosco* e só a cuarta parte dos que rexistran unicamente *convosco* (os demais ou son galegos ou teñen orixe incerta ou proceden de fóra do noso espazo cultural). Podería pensarse nunha preferencia portuguesa pola forma máis antiga, pero cremos que é unha conclusión pouco fundamentada, tendo en conta o baixo número de ocorrencias na maior parte dos autores.

²⁹ Na prosa castelá de Afonso X rexístranse *connusco ~ con nusco*, xunto a un único rexistro de *connosco*, e *con vusco ~ con busco ~ con uusco ~ conbusco ~ convusco* (Kasten & Nitti 2002: ss.vv.).

³⁰ Maior, pero en consonancia, coa que se aprecia nas restantes formas ligadas: *migo* 51,72% fronte a *comigo*, *tigo* 64,7% fronte a *contigo*, *sigo* 66,67% fronte a *consigo*.

³¹ Os outros rexistros son todos de *nosco* e *uosco*, en construcións de distinto tipo: «bon dia *vosco*» CSM:235, «seeremos *vosqu'* en assesegamento» CSM:386, «Aqui *são vosqu'*» CSM:419; «nunca me casarei *vosco*» CSM:355, «foi esposado *vosco*» CSM:135, «que me *mezcran vosco*» CSM:341, «o demo, non *pode nosc'*» CSM:267, «o demo, que senpre *nosco traballa*» CSM:267; «un *preito vosco farey*» CSM:35, «quero santa *vida fazer vosqu'*» CSM:15. A pesquisa realizada nesta mesma liña no corpus da poesía lírica ofrece resultados semellantes.

2.2. Con nós e con vós vs connosco e convosco

1. Os rexistros galegos de formas reestruturadas proceden todos da prosa notarial e son moi escasos antes de promediar o séc. XV; é dicir, instálanse con forza un século despois de que se consumase o triunfo de *con + NOSCO* sobre *NOSCO*. Carecemos de datos que nos permitan confirmar a hipótese de que, en todo caso, *CON NÓS* podería ser desde os inicios a solución normal nos casos en que a FN integraba un identificador ou un cuantificador; ora ben, algúns testemuños, con seren raros e serodios, abundan para afirmarmos que esta excepcionalidade gramatical non se producía coa constancia e a regularidade con que o fai na gramática patrón das linguas galega e portuguesa modernas³²:

avido sobre todo noso acordo e consello con homes bôds leterados sabidores de foro e de dereito, e *con nosco meemos* (1421 Santiago; *Pombeiro*:163).

avido consello et deliberación con letrado et *con nos mesmos* (1464 Lugo; Cal 1999: 362).

Os testemuños máis antigos de *con nós* e *con vós* datan xa do séc. XIII e proceden dunha área que ofrece ademais un dos máis altos índices de formas ligadas, o que afasta calquera hipótese dunha distribución dialectal primitiva en áreas complementarias (*vid.* mapa 3):

a uos don Pedro Perez, abbade, et ao conueto do moesteiro de San Cloyo, uendemus (...) conuen a saber: a quinta daquell casar que nos y partimos *con uos* (1275 Leiro, *San Clodio*:370).

faço tal preyto et tal empracamento valedeyro por senpre *con vos [don] Pedro Fernandez*, abbade d-Osseyra, et *con o convento* desse meesimo lugar (1279 Asma-Chantada; Romaní 1989:1084)³³.

que eu P. Bidaes faço a tal preyto et tal enprazamento *con uos Affonso Aluarez*, meu tío, que eu uos dou todolos foros et erdade (1293 Lousada-Carballedo; *Pombeiro*: 67).

³² Nalgunhas variedades de portugués atópanse exemplos de *CONNOSCO* tamén nestes contextos, doadamente interpretables como extensión de uso da forma ligada —espontánea ou por ultracorrección—, rexeitados pola gramática normativa. Os exemplos antigos aboan a tradición gramatical, sequera marxinal, de enunciados coma o seguinte, tomado dun corpus xornalístico: “O verdadeiro encontro *connosco próprios* e com aquilo que desejamos ser e fazer não inclui o consumo de drogas”.

³³ Incluímolo dando por bo o autorizado criterio do editor, a pesar de que non é seguro que sexa boa interpretación, xa que “uos” está seguido dunha restauración que acaso podería incluír a sílaba que lle falta a “con uos[co]”. Tamén é dubidoso outro dobre exemplo procedente de Viveiro 1327, porque o texto está practicamente en español, e é sabido que o proceso de substitución comezou antes na lingua veciña: «et tenemos por bien, et outorgamos que usedes *con nos*, et nos *con vos*, segun e en quanto mejor e mais con dereito usastes (*Viveiro*:121). Nos textos que circulan por Galicia no séc. XV non é infrecuente o uso de *con nos* (1464 Valladolid; Portela 1998:316), incluso en documentos escritos en latín (*cum nos*, 1460 Valladolid; Cal 1999:320).

Por contra, a presenza semella ser consecuencia, por simple cálculo de probabilidades, da maior abundancia de construcións pronominais coa prep. *con* (+ P4, P5), apreciable nunhas coleccións documentais fronte a outras en que faltan case por completo. A estes raros testemuños temperáns hai que engadir aínda outros dous do séc. XIV, ambos do Baixo Miño, onde tamén se atopan en franca minoría coas recorrentes formas ligadas:

saluo aquelhe noso celeyro con sa quintaa & con hũa leyra & hũa cuba & J^a vaca, se a ouermos a tempo de nossa morte, & a nossa leyra da Rrotea que rreteemos *con nós* & *para nós* (1302 Tebra; *Oia*:c1813-20a).

ffaço tal pleito & postura *con uós*, *dom ffrey Affonso*, abbade do moesteyro de Ssanta Maria de Oya, & *con o convuento* desse lugar (1349 Baiona; *Oia*:c1830-17).

En tres destes cinco rexistros a forma pronominal forma parte dunha estrutura coordinada, na que o segundo membro é tamén unha frase con preposición (*con* + FN cun N léxico, 2v; *para* + pronome P4), un esquema sintáctico que parece propicio para que, nun estilo non esmerado, se amose a forma reestruturada; doutra banda, tamén tres deles presentan unha frase aposta, coa identificación do referente singular do pronome. O certo é que nas primeiras décadas do séc. XV, antes da grande expansión destas formas, a maior parte dos rexistros se atopa tamén nunha destas circunstancias; así ocorre en 7 dos 10 datados entre 1400 e 1450 (5 con aposición [1416-1422 Santiago] e 2 con aposición e coordinación asemade [1442 Lourenzá, 1448 Noia]; os 3 restantes son de 1416-22 Santiago, 1442 Lourenzá e 1447 Lugo). Feito un cálculo semellante na segunda metade do século, conclúese tamén que estas circunstancias propician a aparición das formas reestruturadas, pois se dunha banda a metade dos rexistros de *CON NÓS* se atopan nalgunha delas, doutra estas formas son as usadas en algo máis dun terzo dos rexistros en que hai aposición ou coordinación³⁴.

A partir de mediados do séc. XV —como xa se dixo e mostra o Gráfico 2—, prodúcese un notable ascenso das formas reestruturadas, que en moi pouco tempo pasan a ser maioritarias na escrita: no noso corpus, partindo de 0 rexistros no primeiro cuartel do séc. XV e dun tímido 16,67% no segundo, axiña pasan ao 45,83% no terceiro e atinxen o 70% no derradeiro; de por parte, é sintomático que os escasos testemuños en textos de principios do séc. XVI son todos de formas reestruturadas. Conxugando esta expansión cos resultados diatópicos actuais, conclúese que se ben esta opción se difunde por todo o territorio, só en parte del logra apagar as formas primitivas (actual área *CON NÓS*), en tanto que no resto seguen convivindo ambas (actual área *CONNOSCO*).


³⁴ De feito, aínda que nas gramáticas portuguesas actuais só se citan exemplos de excepción coma *com nós mesmos*, *com ambos nós*, *con vós todos*, *com nós outros*..., na descrición repítese que o mesmo ocorre cando o pronome está acompañado por “an apposition or attributive” (Dunn 1928:242), por “outro adjunto (têrmo ou oração)” (Bechara 1967:61), por “atributo ou oração relativa” (Sousa da Silveira 1960:151), etc.

— Límites da actual área *connosco*

con nós

con nosoutros

con vós



Mapa 3. Xeografía e cronoloxía das formas *CON NOS* procedentes de textos notariais




Gráfico 2: Número de rexistros de CONNOSCO e CON NÓS nos séc. XV-XVI

2. Canto á variación formal, só atopamos un rexistro de *con nosoutros*, xa a finais do séc. XV (1478 Vilarmaior-Mondoñedo), moi dubidoso por ocorrer no traslado dun texto en castelán con galeguismos intercalados:

a nuestras hordenes et al dean et cabildo de la dicha iglesia et singulares / personas del que *con nosoutros* quiesieren seer sub / proteuçon et defendimiento del dicho señor nuestro / muy santo Padre Systo (Cal 1999:394).

Aínda que a forma característica do galego mindoniense moderno é NOSOUTROS, na época estudada a situación era moi distinta, ao que parece semellante á do resto do galego e á que se comproba aínda hoxe en falantes maiores noutras partes do territorio, pois NÓS era a forma habitual e NOSOUTROS a marcada como plural exclusivo, e por iso moi infrecuente. O ascenso de NOSOUTROS foi, xa que logo, posterior e non é descartable que tivese relación co esmorecemento de CONNOSCO (como suxire Libano para o español, 1998:502), pois hai dous feitos que apoian un certo vínculo: dunha banda, que en toda a área NOSOUTROS (isto é, *nosoutros* é a forma típica do nominativo e non se opón a *nós* por 'exclusivo/non exclusivo', e o mesmo na P5; ALGa II:146) sexa hoxe descoñecida CONNOSCO; doutra, que nesa mesma área coexisten distintos subsistemas diferenciados pola posibilidade de contaren asimesmo coa variante NÓS, nomeadamente no caso complemento, e dentro deste máis estendida tras *con* ca tras outras preposicións (isto é, *para nosoutros, de nosoutros...*, pero *con nós* ou *con nós ~ con nosoutros*). E de feito, nos mesmos textos antigos, entre os exemplos esporádicos de NOSOUTROS, atopamos mostras de que o emprego como caso nominativo non condiciona o do caso complemento; advértase, no testemuño que segue, que o sintagma *con bos* antecede a *bosoutros* e, polo tanto, sería esperable que fose o que portase as marcas do significado 'exclusivo':

eu o dicto frey Diego Afonso, prior suso dicto, estando enno dicto cabido do dicto moesteiro *con bos*, os dictos freyres, por bia de traslado (...); a qual dicta persona eu queria que *bosoutros* freyres disesedes e declarasedes (1457 Pantón; Fernández 1994:401).

Finalmente, a grafía mantén a independencia de preposición e pronome (*con nos, con vos, con bos*), cando menos segundo a lección dada polos editores, o que sen dúbida non impediría unha variante coloquial *conós*, da que atopamos un único testemuño na escrita (1502 Pontevedra; Comesaña 1995:128), parella do *conosco* tratado máis arriba e antecesora da variante [k'o'nos̺] actual.

3. CONCLUSIÓN

É posible establecer etapas cronolóxicas caracterizadas polo predominio dunhas formas sobre outras, nun proceso acumulativo ascendente, polo que as máis antigas NOSCO coexisten con CONNOSCO xa desde o inicio da escrita en galego e perviven minoritariamente como formas marcadas durante a época de predominio destas. As variantes NOSCO son moi infrecuentes na prosa notarial, con rexistros esporádicos e anteriores a mediados do séc. XIV; tamén son raras na prosa literaria, mais a análise dos textos e contextos en que ocorren nestas obras permitiunos concluír que na altura pertencían a estilos arcaizantes e máis elevados cás que integran *con-*. En cambio, a maior parte dos poetas, con independencia da súa procedencia xeográfica, usa só esta forma primitiva, que funciona como unha certa marca da linguaxe poética (relixiosa ou profana); a alternancia entre unha e outra formas non parece gardar unha correspondencia cronolóxica clara, aga porque os autores que só empregan *con-* son posteriores a mediados do séc. XIII. Finalmente, aínda que hai testemuños esporádicos de CON NÓS en época temperá, a súa verdadeira expansión na escrita non se verifica ata a segunda metade do séc. XV, na nosa opinión de xeito progresivo segundo os contextos sintácticos.

A distribución diatópica actual nunha área CONNOSCO e dúas áreas CON NÓS non se verifica na lingua antiga, pois as formas ligadas espallábanse por todo o territorio, probablemente sen solución de continuidade coas veciñas leonesas e portuguesas; agora ben, si se pode afirmar que nos textos de grande parte da actual área CONNOSCO se daba unha maior presenza de formas ligadas, tanto pola súa superior frecuencia coma por concorrer neles un número de variantes meirande (NOSCO, CONNOSCO {*connosco, conosco*}, CON NÓS). En efecto, puidemos comprobar que as formas CON NÓS non se concentraban de xeito especial nas áreas que na actualidade descoñecen as formas ligadas, senón que concorrían nas coleccións e territorios con maior número de rexistros de CONNOSCO, na nosa opinión por mor da superior frecuencia do recurso a construcións co sintagma *con* + pronome persoal (P4, P5).

Canto ás variantes, as formas máis estendidas presentan <o>, segundo os datos máis seguros representación de /o/, se ben na altura hai xa algún indicio que apunta ao nacemento da variante con /ɔ/; as formas con <u> tónico (*convusco*, raramente *vusco*) son, sobre todo, características do *Cancioneiro da Ajuda* e acaso deban explicarse por interferencia lingüística, aínda que non descartamos totalmente a posibilidade dunha variante diatópica arcaizante localizable no N de Portugal. Pódese afirmar que as formacións con *con-* pleonástico presen-

tan uniformemente [ko] na escrita, pois a variante fónica con elevación da vogal pretónica, acaso diatópica, é moi infrecuente; tocante ao trazo *-nn-* > *-n-*, concéntrase na área de maior presenza de CONNOSCO —sobre todo na ourensá—, nun amplo marco temporal, polo que é razoable concluír que *connosco* e *conosco* son variantes concorrentes, a segunda máis popular. Por último, a formación prep. *con* + pronome persoal (P4, P5) apenas ofrece testemuños de *nosoutros*; semella que o ascenso de NOSOUTROS a custo de NÓS nas variedades nororientais foi por detrás do de CON NÓS a custo de CONNOSCO e que as formas co incremento *-outros* tardaron en instalarse, e aínda non o fixeron por completo, neste sintagma preposicional.

FONTES CONSULTADAS E REFERENCIAS DO CORPUS

- A* = *Fragmento do Nobiliario do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa: Távola Redonda / Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico / Biblioteca da Ajuda, 1994.
- Álvarez Castrillón, J. A. (2001): *Los Oscos en los siglos X-XIII*. Oviedo: Ayto. de Santa Eulalia de Oscos.
- B* = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancutti) Cod. 10991*. Biblioteca Nacional, 1982.
- Barreiro García, M^a. C. (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- Belvís* = Rodríguez Núñez, C. (1989): “Santa María de Belvís, un convento femenino en la Baja Edad Media (1305-1400)”, *Estudios Mindonienses* 5, 335-485 [docs.: 393-485].
- Brea, M. et alii (eds.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia.
- CA* = Vasconcellos, C. Michaëlis de (ed.) (1990 [1904]): *Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda [reimpr. de Halle 1904].
- Cal Pardo, E. (1984): *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos. Colección documental*. A Coruña: Deputación Provincial.
- Cal Pardo, E. (1985): “El monasterio de dueñas de Santa Comba de Órrea (Lugo)”, *Estudios Mindonienses* 1, 13-81.
- Cal Pardo, E. (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Castro, M. (1989): “Los franciscanos de Viveiro y Gómez Pérez das Mariñas”, *Estudios Mindonienses* 5, 533-587.
- CC* = Lorenzo, R. (1975-77).
- CDH* = “Colección de documentos históricos”, sección do *Boletín da Real Academia Gallega*, A Coruña, t. I, 1915; t. II, 1931.
- CG* = Lorenzo, R. (1975-77).
- Comesaña Martínez, M^a Á. (1995): *O tombo do Hospital e Ermida de Santa María do Camiño de Pontevedra*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

- CSM = Mettmann, W. (1981): *Afonso X, o Sabio. Cantigas de Santa María*. Vigo: Xerais.
- CT = Lorenzo, R. (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Domínguez Fontela, J. (1938-1939): “Tratado de Albeitería por Jordán Rubio, de Calabria”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* XI (1938) e XII (1939).
- Duro Peña, E. (1968): “El monasterio de San Pedro de Vilanova de Dozón”, en *Archivos Leoneses* 22, 7-62.
- Duro Peña, E. (1972): “El monasterio cisterciense de Santa María de Castro de Rey”, en *Archivos Leoneses* XXVI, 52, 9-45.
- Duro Peña, E. (1972): *El Monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Duro Peña, E. (1973): “El Monasterio de Santa Marina de Asadur”, en *Archivos Leoneses* 54, 309-353.
- Duro Peña, E. (1977): *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Enríquez Paradela, M^a C. (1987): *Colección diplomática del monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia*. Anexo 8 de *Boletín Auriense*. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. (1994): *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Deputación Provincial.
- Fernández de Viana y Vieites, J. I. (1995): *El Tumbillo de San Bieito do Campo (Santiago)*. Granada: Universidad.
- Ferro Couselo, X. (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. Vigo: Galaxia.
- GE = Martínez López, R. (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Oviedo: Universidad.
- González Garcés, M. (1987): *Historia de La Coruña. Edad Media*. A Coruña: Caixa Galicia.
- Graña Cid, M^a del M. (1990): “Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo. El convento de San Martín de Villaoriente (1374-1500)”, en *Estudios Mindonienses* 6, 13-464.
- Iria = Carro García, J. (1951): *Corónica de Santa Maria de Iria (códice gallego del siglo XV)*. Edición, prólogo, notas y glosario. Santiago de Compostela: CEG.
- Lamas Carballo, A. (1984): *Edición dos documentos do Espital dos Pobres da vila de Muros*. Tese de licenciatura. Univ. de Santiago.
- Lang, H. R. (1902): *Cancioneiro Gallego-Castelhana. The Extant Galician Poems of the Gallego-Castilian Lyric School (1350-1450)*. New York / London: Charles Scribner's Sons / Edward Arnold.
- Lucas Álvarez, M. / M^a J. Justo Martín (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537)*. Edición diplomática. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Lucas Álvarez, M. / P. P. Lucas Domínguez (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago: Caixa Galicia.

- Maia, C. de Azevedo (1986).
- Martínez Martínez, M. (1999): *Cartulario de Santa María de Carracedo. 922-1500*. s. l.: Instituto de Estudios Bercianos.
- Martínez Sáez, A. (1989): *El Monasterio de Sobrado de Trives. Estudio histórico y diplomático*. Tese de doutoramento. Univ. de Granada.
- Martínez Salazar, A. (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. A Coruña: Casa de la Misericordia.
- Martins, A. M^a (2001): *Documentos Portugueses do Noroeste e da Região de Lisboa. Da Produção Primitiva ao Século XVI*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Maure Rivas, X. (1998): *Para unha escriptoloxía do galego. Edición e estudio escriptolóxico do Tombo do hospital dos pobres de Tui (1436-1490)*. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- Méndez Pérez, J. (1993): “Las relaciones entre el monasterio de Oseira y San Salvador de Asma, en el primer tercio del siglo XIV”, en *Lucensia* 6, 85-96.
- Montederramo = Lorenzo, R. / M^a C. Pérez González: *Colección diplomática medieval do mosteiro de Montederramo*. Santiago (no prelo).
- MS = Pensado, X. L. (1958): *Miragres de Santiago*. Madrid: R.F.E.
- Novo Cazón, J. L. (1986): *El priorato santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Nunes, J. J. (1973): *Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- Oia = Lorenzo, R. / M^a C. Pérez González: *Colección diplomática medieval do mosteiro de Oia* (en preparación).
- Pallares Méndez, M^a C. (1979): *El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval*. A Coruña: Deputación Provincial.
- Pallares Méndez, M^a C. / E. Portela Silva (1971): *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*. Santiago: Universidade.
- Pensado Tomé, José L. (1962): *Fragmento de un “Livro de Tristán” galaico-portugués*. Santiago de Compostela: CEG.
- Pombeiro Lucas Álvarez, M. / P. P. Lucas Domínguez (1996): *El priorato beneditino de San Vicenzo de Pombeiro y su colección diplomática en la Alta Edad Media*. Sada / A Coruña: Ed. do Castro.
- Portela Silva, E. (1975): *La región del obispado de Tuy en los siglos XII a XV. Una sociedad en expansión y en la crisis*. Separata de *Compostellanum* XX. Santiago.
- Portela Silva, M^a X. (1998): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XV*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez González, Á. / J. Armas Castro (1992): *Minutario notarial de Pontevedra (1433-1435)*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- Romaní Martínez, M. (1989): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. Santiago: Tórculo Edicións.

- Romaní Martínez, M. et alii (1993): *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) 1310-1399*. Santiago: Tórculo Edicións.
- San Clodio = Lucas Álvarez, M. / P. P. Lucas Domínguez (1996): *El monasterio de san Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudios y documentos*. Sada / A Coruña: Ed. do Castro.
- Sponer, M. (1932/34): “Documentos antiguos de Galicia”, en *Anuari de l’Oficina Románica de Lingüística i Literatura* 7, 113-192.
- Tato Plaza, F. R. (1986): *Léxico do Libro de Actas do Concello de Santiago (1416-1422). Texto, concordancia e glosario*. Tese de licenciatura. Univ. de Santiago.
- Tato Plaza, F. R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457). Edición e glosario*. Santiago: Consello da Cultura Galega.
- TA = Domínguez Fontela, J. (ed.): “Tratado de Albeitería por Jordán Rubio, de Calabria”, en *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* XI (1938) e XII (1939).
- V = *Cancioneiro português da Biblioteca Vaticana (cód. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, 1973.
- Vaamonde Lores, C. (1915): “Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes (Apuntes históricos y genealógicos)”, en *Boletín da Real Academia Gallega* 97, 10-17.
- Vaquero Díaz, M^a B. (1999): “Fontes documentais para o estudio do mosteiro de Santa María de Acibeiro do Arquivo da Catedral de Ourense”, en *IX Centenario de la fundación del Císter. II Congreso Internacional sobre el Císter en Galicia y Portugal. Actas. Ourense, 1998*. Zamora: Montecasino, II, 951-994.
- Viveiro = Cal Pardo, E. (1991): “De Viveiro en la Edad Media”, en *Estudios Mindonienses* 7, 11-227.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Academia de la Llingua Asturiana (1998): *Gramática de la llingua asturiana*. Uviéu: Academia.
- ALGa II García, C. et alii (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Alonso Garrote, S. (19472): *El dialecto vulgar leonés hablado en Maragatería y tierra de Astorga*. Madrid: Instituto Antonio Nebrija, CSIC.
- Álvarez, R. / X. Xove (1998): “Llingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*”, en D. Kremer, (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia: I, 29-58.
- Álvarez, R. (1994): “As formas do dativo e a expresión do número en galego medieval: lle / lles, llo / llelo”, en *Verba* 21, 133-166.
- Álvarez, R. (1997): “A posición do pronome átono en construcións de infinitivo e xerundio en galego antigo”, en I. Castro (ed.): *Actas do XII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística (Braga-Guimarães, 30 de Setembro a 2 de Outubro de 1996)*: II, 7-29.
- Álvarez, R. (1998): “Secuencias de pronomes átonos en galego medieval”, en G. Ruffino: *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza (Centro di Studi Filologici e Linguistici Siciliani, Università di Palermo, 18-24 settembre 1995)*. Vol. I. *Grammatica storica delle lingue romanze*. Tübingen: Niemeyer, 13-23.

- Álvarez, R. [2000]: “O neutro pronominal: esplendor e decadencia de *elo* en galego”, en Maia, C. de Azevedo, A. C. Macário Lopes e G. M^a Rio-Torto (eds.): *Homenagem ao Prof. Doutor José Gonçalves Herculano de Carvalho*. Coimbra: Universidade (no prelo).
- Câmara Municipal de Miranda do Douro (1995): *Proposta de Convenção Ortográfica Mirandesa*. Miranda do Douro.
- Castro, I. (1988): “O fragmento galego do *Livro de Tristan*”, en D. Kremer, (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia: I, 135-149.
- Díaz Castañón, C. (1976): *El Bable literario de los siglos XVII a XIX (hasta 1839). Índice gramatical y textos inéditos*. Madrid: Gredos.
- Gómez Clemente, X. M^a (2001): *O manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid “Miragres de Santiago”*. Tese de doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- Hanssen, F. (1945 [1913]): *Gramática histórica de la lengua castellana*. Buenos Aires: Ateneo.
- Kasten, L. A. / J. J. Nitti (2002): *Diccionario de la prosa castellana del Rey Alfonso X*. New York: Hispanic Seminary of Medieval Studies.
- Keniston, H (1937): *The Syntax of castilian Prose: the sixteenth century*. Chicago: University Press.
- Libano Zumalacárregui, Á. (1998): “De las formas medievales *connusco, convusco* a las modernas *con nosotros, con vosotros*”, en M. Ariza (ed.): *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española. Cáceres, 30 de marzo-4 de abril de 1987*. Madrid: Arco Libros, I, 501-508.
- Lihani, J. (1973): *El lenguaje de Lucas Fernández: estudio del dialecto sayagués*. Bogotá: Instituto Caro y Cuervo.
- Lorenzo, R. (1975-77): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Orense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Lorenzo Gradín, P. / J. A. Souto Cabo (dirs.) (2001): *Livro de Tristan e Livro de Merlin: estudio, edición, notas e glosario*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: INIC.
- Menéndez Pidal, R. (1962): *El dialecto leonés*. Prólogo notas y apéndices de C. Bobes. Oviedo : Instituto de Estudios Asturianos.
- Menéndez Pidal, R. (1980⁹): *Orígenes de español: estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Netto, M^a T. M. L. (1947): “A linguagem dos pescadores e lavradores do Concelho de Vila do Conde”, en *RPF I*, I, 59-153.
- Oliveira, A. Resende de (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco: a estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*. Lisboa: Colibri.
- Oliveira, A. Resende de (2001): *O trovador galego-português e o seu mundo*. Lisboa: Notícias.
- Penny, R. J. (1998): *Gramática histórica del español*. Barcelona: Ariel.
- Sequeira, F. J. Martins (1957): *Apointamentos acerca do falar do Baixo-Minho*. Lisboa: Ed. da Revista de Portugal.

Staaff, E. (1907): *Etude sur l'ancien dialecte léonais d'après des chartes du XIII^e. siècle*. Upsala: Almqvist & Wiksell.

Tavani, G. (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell'Ateneo.

Vasconcelos, J. Leite de (1900-1901): *Estudos de Philologia Mirandesa*. Lisboa: Imp. Nacional.

Vázquez Cuesta, P. / A. Mendes da Luz, (1971³): *Gramática Portuguesa*. Madrid: Gredos.